

Planificación en caso de suspensión das clases presenciais

1º e 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

Atendendo ás indicacións feitas desde a administración, facémosvos chegar este documento onde indicamos, de seguido, a planificación prevista nos niveis de 1º e 2º de Educación Primaria , no caso de decretarse a suspensión de clases presenciais.

Unha vez se vos comunique a suspensión de clases presenciais no colexio, no caso de 1º e 2º, estas pasarán a realizarse de modo “online”, do seguinte xeito:

• ORGANIZACIÓN DO TRABALLO:

- Todas as propostas serán publicadas, periodicamente, no curso creado na aula virtual da web do colexio. Nas categorías de 1º e 2º estarán as carpetas das distintas materias, ás que o alumnado terá que acceder utilizando un nome de usuario e un contrasinal que se lle proporcionará desde o colexio. (ver no reverso deste documento como acceder)

• ASAMBLEAS ONLINE (Webex):

- Establecerase un horario de assembleas por vídeo-conferencia, nun horario e datas que serán publicadas no apartado correspondente do curso da aula virtual. Este horario será elaborado a partir da dispoñibilidade horaria das familias, de xeito que sexa posible. As reunións terán lugar nas salas de “Cisco-Webex” que se sinalen no citado apartado.

• PROPOSTAS DE TRABALLO (aula virtual):

- No citado curso da virtual, atoparás diferentes propostas que permitirán continuar de forma online, o traballo que se estaba a desenvolver na aula antes da suspensión das clases presenciais.
- Nas propostas feitas na aula virtual, estarán dispoñibles tódolos documentos para descargar coas propostas de traballo.
- Os traballos serán devoltos á conta de correo electrónico claseprimeiroesegundo@gmail.com, indicando no asunto da mensaxe a materia correspondente, así como o nome do/a mestre/a a quen vai dirixido.

• CONTACTO COAS FAMILIAS: (Abalar Móbil):

- Usarase a aplicación Abalar Móbil – Espazo Abalar, para manter o contacto continuo coas familias, para todo aquilo que sexa preciso, ademais do correo electrónico citado anteriormente.

• HORARIO DE ATENCIÓN Á PAIS/NAIS:

- Establécese un horario de atención ás familias os martes de 17:00 a 18:00, por vía telefónica ou vídeo-conferencias (webex).
- Deberá solicitarse cita previamente para poder organizar estes encontros de titorización.


Como acceder ó curso na aula virtual

1.- Entra na web do centro, na aula virtual:

<http://edu.xunta.es/centros/ceipcervinho>



2.- Escolle a categoría "Primeiro" ou "Segundo":



3.- Escolle o curso:



4.- Accede co teu usuario e contrasinal.



4.- Poderás acceder a todas as propostas realizadas.

